



NOTA DE PRENSA

Olimpiada Galega de Bioloxía

Santiago, 12 de xaneiro de 2018. Rematou na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpiada de Bioloxía. Esta foi xa a decimoterceira edición do certame e nela participaron 105 estudantes de 31 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado pola Sra. D^a Edita de Lorenzo Rodríguez, Comisionada de Vigo Tecnolóxico, da Uvigo; o Decano da Facultade de Bioloxía da USC, D. Antonio Segura Iglesias; a Vicedecana da Facultade de Bioloxía da Uvigo, D^a Mercedes Gallardo Medina; o Vicedecano da Facultade de Ciencias da UDC, D. Federico Pomar Barbeito; o Sr. Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez Baños e o Delegado Institucional do COBGA na Olimpiada Española de Bioloxía, Pablo Fernandes.

Resultaron gañadores:

- Denis Arribas Blanco, do IES do Castro, de Vigo (na foto, no centro)
- Javier Pérez Martínez, do IES Otero Pedrayo, de Ourense (á esquerda)
- Pedro Vieites Pérez, do IES Plurilingüe Rosalía de Castro, de Santiago (á dereita)



que representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en Badajoz no mes de abril.

Máis información:
COBGA (Pablo) Tel. 981 53 14 40